

BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO “EUME IV”, PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DAS PONTES, DAS SOMOZAS E DA CAPELA

Primeira.- Obxecto da convocatoria, normas xerais e principios de actuación

O obradoiro dual de emprego “EUME IV” configúrase como un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Este obradoiro está cofinanciado pola Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, publicada no DOG num. 38, do 22/02/2024 e promovido polos Concellos das Pontes, das Somozas e da Capela, coa designación do Concello das Pontes como representante na tramitación administrativa do programa, en virtude do convenio de colaboración suscrito entre as citadas entidades en data 19/03/2024.

Respéctase, polo tanto, o establecido na Resolución de concesión da subvención, de data 19/08/2024, co número de expediente 15/0005/2024, e As Instrucións de 15/07/2024, en relación ao procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2024-25.

A **especialidade** a impartir é Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes – AGAO0208 (nivel 2).

O obradoiro terá unha duración de 9 meses e formará a 15 alumnos/as traballadores/as coa realización do proxecto Mantemento dos espazos axardinados en diferentes espazos do concello das Pontes de García Rodríguez.

Descrición dos obxectivos específicos:

Preténdese que as 15 persoas participantes adquiren as competencias necesarias para organizar e executar as operacións de instalación, mantemento e mellora das zonas verdes de exterior, controlando a sanidade vexetal, manexando a maquinaria e apeiros de xardinería e cumprindo coa normativa medioambiental, de calidade e de prevención de riscos laborais, tarefas todas elas que constitúen unha demanda constante e incluso crecente dentro do mercado de traballo de As Pontes, A Capela e As Somozas.

Os obxectivos que se perseguen son os seguintes:

- Realizar unha diagnose da realidade de intervención no que se refire ás características e necesidades dos elementos vexetais.
- Delimitar o proxecto docente-formativo unha vez realizado a diagnose previa da situación.

- Detectar dificultades de aprendizaxe e propoñer accións para a solución das mesmas.
- Desenvolver unhas actitudes favorables ao traballo en equipo, cun bo nivel de motivación cara ao traballo e asumindo a responsabilidade que lle corresponda.

Para a xestión e desenvolvemento do obradoiro contratarase ao seguinte persoal:

- 1 director/a (xornada completa)
- 1 mestre/a da especialidade Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes (xornada completa)
- 1 mestre/a de PRL, formación empresarial (media xornada)
- 1 administrativo/a (media xornada)

A selección do alumnado-traballador, participante no proxecto que se vai poñer en funcionamento, será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

O órgano de selección do proceso actuará sempre de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

Así mesmo, as ditas actuacións cumpriran cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes da convocatoria e demais instrucións.

Segunda.- Publicidade do proceso selectivo

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do persoal e alumnado traballador do obradoiro dual de emprego, unha vez aprobadas pola entidade promotora, serán expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego, así como no taboleiro de anuncios do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), a súa páxina web e nas webs e taboleiros dos Concellos das Somozas e da Capela. Tamén serán remitidas á Xefatura Territorial correspondente.

Os anuncios relativos ao desenvolvemento do proceso selectivo serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), e remitiranse para a súa publicación na páxina web e nas webs e taboleiros dos Concellos das Somozas e da Capela.

Así mesmo, os obradoiros duais de emprego concedidos serán obxecto de difusión a través do Portal de emprego de Galicia (emprego.xunta.gal).

Rematado o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e a xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes, persoal directivo, docente e administrativo de apoio así como das persoas integrantes da lista de reserva.

Terceira.- Requisitos común das persoas aspirantes

Para tomar parte neste proceso selectivo todo aspirante deberá reunir os seguintes requisitos:

- Nacionalidade: ser español/a ou nacional doutro Estado; estes/as últimos/as de acordo co disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do estatuto básico de empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro (TRLEBEP). Así mesmo, as persoas estranxeiras con

residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

- Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato.

- Habilitación: non ter sido despedido/a, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

- Compatibilidade: non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas (LIPAP).

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

Cuarta.- Órgano de selección

Estará formado polo persoal que oportunamente se designe mediante resolución da alcaldía ou concellería-delegada. A súa composición será: un presidente/a, un secretario/a (funcionario/a de carreira) e tres vogalías, coas respectivas persoas suplentes, respectando en todo caso a paridade home/muller e as normas establecidas no TR-LEBEP.

Todas as persoas que integren o órgano de selección -titulares e suplentes- pertencerán a un subgrupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ás prazas convocadas. Na súa designación teranse en conta as garantías de imparcialidade e profesionalidade das persoas nomeadas.

En ningún caso poderá formar parte do órgano de selección:

- a) O persoal de elección ou de designación política.
- b) O persoal funcionario interino, laboral temporal, ou laboral indefinido non fixo.
- c) O persoal eventual.
- d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores. Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte del cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. As persoas aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

O concello poderá esixir das persoas integrantes do tribunal declaración expresa de non acharse incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo 23 da LRXSP.

Todos os membros do órgano terán voz e voto nas deliberacións do mesmo. Os acordos adoptaranse por maioría simple.

O órgano de selección non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres das súas persoas integrantes, titulares ou suplentes, debendo estar presentes, en todo caso, as persoas que desempeñen a presidencia e a secretaría do órgano. De todas as sesións que teñan lugar a persoa que ocupe a secretaría redactará a correspondente acta.

O tribunal de selección resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de persoas asesoras, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Este persoal será designado pola alcaldía ou concellería-delegada competente.

Quinta.- Selección do alumnado/traballador

- Modalidade, período da contratación e retribucións:

- O alumnado traballador será contratado por un período de 9 meses a xornada completa (40 horas semanais), baixo a modalidade de contrato de formación en alternancia coas especificacións previstas pola normativa para talleres duais de emprego. Datas previstas inicio-fin previstas: 02/12/2024 a 01/09/2025.
- Horario: de 7:00 a 15:00, de luns a venres.
- Centros de traballo/formación: Formación teórico-práctica nas dependencias da Asociación de Veciños “Chamoselo”, no Concello das Pontes de García Rodríguez.

- Requisitos específicos:

- Ter 18 ou máis anos de idade.

- Estar desempleado, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.

- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao obradoiro, durante toda a duración da etapa de formación en alternancia, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na Disposición Adicional 2ª do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real decreto lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

- Cando a formación que se imparta no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados (detallados no Anexo I).

- Non haber participado con anterioridade noutro taller dual de emprego (con independencia de que o finalizara con resultado de apto ou non apto) para o mesmo certificado profesional ou outro da mesma familia que se imparte nesta convocatoria, excepto que o certificado fora de nivel inferior ao desta convocatoria (é dicir, inferior ao nivel 2).

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

- Proceso de preselección de persoas candidatas:

O concello das Pontes é o órgano responsable de tramitar unha oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas a través do órgano de selección.

A preselección iniciárase coa presentación de oferta de emprego por parte do Concello das Pontes ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, unha vez aprobadas as presentes bases.

O sistema de admisión de candidatos/as será o de oferta de emprego (modelo de oferta tipo T), tramitada na oficina de emprego correspondente ao domicilio do Concello das Pontes, mediante os modelos normalizados correspondentes.

O ámbito da sondaxe será o dos Concello das Pontes, As Somozas e A Capela, ampliándose, no caso de non se obterse o número de candidatos/as suficiente, aos outros concellos do ámbito territorial da oficina de emprego a que pertencen os ditos concellos e, de ser necesario, a toda a provincia.

O número de candidatos solicitados será, de ser posible, de tres (3) por cada posto, cunha idade mínima de 18 anos e en situación laboral de desemprego, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, sempre que poidan subscribir contrato de formación en alternancia na especialidade impartida.

A sondaxe realizada pola oficina de emprego terá en conta aquelas persoas que teñan solicitado algúns dos seguintes servizos:

320: Escola taller programas

330: Casa de Oficio

340: Taller de emprego

370: Outros programas de emprego formación dual

As persoas candidatas propostas ás entidades promotoras deben acreditar que teñen un IPI no que se inclúa algún destes servizos e a data da súa inclusión mediante informe de itinerarios e servizos resumidos dunha oficina de emprego.

As ofertas tipo T preseleccionarán a demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 “suspensión específica programas experimentais de emprego”.

Así mesmo, priorizaranse ás persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como: as persoas paradas de longa duración; as persoas emigrantes retornadas; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

No caso de que a persoa candidata participara con anterioridade noutro obradoiro de emprego, non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional ou noutro da mesma familia excepto que o certificado a cursar sexa de nivel superior, con independencia de que finalizase o taller anterior con resultado de apto/a ou non apto/a.

Terán prioridade en todo caso os candidatos que non participasen nun taller de emprego ou nun programa de emprego de garantía xuvenil nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores e, de ser o caso, indicar aqueles candidatos que tiveran participado nestas convocatorias a efectos de realizar o baremo de selección. As persoas candidatas que non participaran nas últimas cinco convocatorias deben obter una puntuación no baremo empregado de ao menos un 25% sobre a puntuación desta fase do proceso selectivo.

Na oferta de emprego que se tramite, terán preferencia as persoas que solicitaran este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, priorizará aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral.

- Admisión dos aspirantes:

Unha vez realizada a preselección de candidaturas polas oficinas de emprego, a alcaldía ou concellería-delegada determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección e a hora e lugar para a súa constitución.

O órgano de selección elaborará a listaxe definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo. O número máximo de candidatos/as a seleccionar será determinado tamén polo órgano de selección, debendo ser o mínimo (de ser posible) de tres por praza. O dito listado será aprobado por resolución da alcaldía ou concellería-delegada e publicarse no taboleiro de anuncios electrónico do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na súa páxina web, e enviarase para ser publicas nas páxina webs e taboleiros dos concellos das Somozas e da Capela. Na dita resolución comunicáraselles aos candidatos/as o prazo para presentar a solicitude de participación que figura no Anexo II e a documentación que se lles requira nas presentes bases e que figura no Anexo III.

As persoas que non presenten a documentación no prazo establecido, decaerán no seu dereito a seguir participando no proceso de selección.

- Selección definitiva dos candidatos/as:

A selección definitiva das 15 persoas como alumnado-traballador será efectuada polo órgano de selección, que aplicará o baremo establecido no Anexo I, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego.

Os casos de empate resolveranse aplicando a seguinte orde de prelación:

- a) Non haber participado nunca nun Obradoiro de Emprego
- b) A menor cualificación profesional.
- c) Maior tempo acreditado como persoa demandante de emprego.
- d) A idade, tendo preferencia a persoa maior.

- Puntuacións finais. Contratación como alumnos/as-traballadores/as:

Finalizada a fase de baremación, o órgano de selección establecerá as puntuacións finais, por orde descendente, das persoas candidatas participantes no procedemento, que determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación.

Esta listaxe publicarse no taboleiro de anuncios do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), a súa páxina web e nas webs e taboleiros dos Concellos das Somozas e da Capela.

As persoas aspirantes disporán dun prazo dun (1) día hábil, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios do Concello das Pontes para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación.

Resoltas as posibles alegacións e/ou emendas ou transcorrido o prazo sen terse presentado ningunha, o tribunal fará públicas no taboleiro de anuncios do concello a listaxe definitiva de

aspirantes que tiveran superado o proceso sen obter praza coa puntuación obtida por orde de maior a menor xunto coa relación definitiva das persoas aspirantes propostas tamén pola orde decrecente da puntuación obtida.

O órgano de selección non poderá aprobar nin incluír na proposta de contratación un número superior de aspirantes ao de prazas que se convocan, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraveña o disposto por esta norma.

Elaborada a listaxe do alumnado-traballador proposto, o Concello das Pontes deberá remitila á correspondente oficina de emprego, que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proceso. Se algún dos alumnos propostos non cumprira os ditos requisitos, a oficina de emprego comunicarllo ao concello para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

A persoas aspirantes propostas para a contratación serán requiridas para que no prazo máximo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao do requirimento realizado para o efecto, presente, a través da sede electrónica municipal, a seguinte documentación:

1. Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira.
2. Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
3. Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do RD 598/1995, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento da súa toma de posesión.
4. Tarxeta da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.
5. Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais.

Se dentro do prazo indicado (agás nos casos de forza maior, debidamente motivados e que deberán ser apreciados e estimados, potestativamente, pola alcaldía ou concellería-delegada competente), a persoa aspirante non presentara a documentación requirida, ou da mesma se deduza que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratada como persoal laboral temporal e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incorrer por falsidade; neste caso, efectuarse un novo chamamento á persoa aspirante que corresponda por orde de puntuación.

Achegada a documentación esixida nesta base e acreditada a totalidade dos requisitos, a alcaldía ou concelleira-delegada ditará resolución de contratación dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Sexta.- Listaxes de reserva

Rematado o proceso selectivo, o órgano de selección elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superada a fase de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás das propostas para ocupar as prazas obxecto da convocatoria. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección.



CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



Cofinanciado pola
Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO
SEPE



Fondos Europeos

Non obstante, con carácter xeral, en caso de vacante a substitución só se poderá realizar durante os tres primeiros meses da execución do proxecto. A entidade debe comprobar que o candidato segue cumprindo os requisitos necesarios para participar no proxecto e valorar se a súa incorporación resulta conveniente no estado de execución da obra ou servizo. En todo caso, a entidade debe informar ao alumno/traballador das posibles consecuencias da súa tardía incorporación (por exemplo, imposibilidade de obter o certificado profesional) e impartir a formación que resulte de obrigado cumprimento xa finalizada (por exemplo, a formación necesaria en materia de igualdade ou de prevención de riscos laborais).

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

O alcalde

Valentín González Formoso



CONCELLO
AS SOMOZAS

ANEXO I

REQUISITOS DE ACCESO SIGNALADOS NOS REAIS DECRETOS QUE REGULAN OS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DO PROGRAMA

Nivel 2- Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes – AGAO0208

Consonte ao artigo 75.b) do Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do sistema de formación profesional, deberanse cumprir **algún** dos seguintes requisitos:

- Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria o equivalente.
- Certificado de profesionalidade de nivel 2.
- Un certificado de competencia incluído na oferta a realizar
- Certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.

A Disposición Adicional 5ª do mesmo Real decreto 659/2023 establece que, ademais das titulacións requiridas para o acceso ao Grao C de nivel 2 recollidas no apartado b) do artigo 75, considerarase equivalente para o devandito acceso o cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:

- a) Superar un curso de formación específico preparatorio para o acceso a ciclos de grao medio en centros públicos ou privados autorizados pola Administración educativa.
- b) Superar unha proba de acceso a ciclos formativos de grao medio.
- c) Estar en posesión do título de Técnico Básico.
- d) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 2.
- e) Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos e/ou de corenta e cinco anos.
- f) Ter acreditadas as competencias clave necesarias, de acordo co recolleito no anexo IV do Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, para cursar con aproveitamento a formación correspondente ao certificado de profesionalidade.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “EUME IV”.

Nome e apelidos: _____

DNI: _____

Teléfono móbil: _____

Correo electrónico: _____

Enderezo postal: _____

Concello: _____

Expoño:

- Que coñezo e acepto as BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “EUME IV” PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DAS PONTES, DAS SOMOZAS E DA CAPELA.
- Que estou interesado/a en participar no proceso selectivo.
- Que achego a documentación relativa á identidade, requisitos e baremo

Por todo o anterior, SOLICITO

Participar no proceso selectivo

..... a de de 2024

O concello infórmalle que os datos de carácter persoal que se lle requiren neste modelo ou impreso de solicitude serán tratados por esta entidade local co obxecto da tramitación do proceso selectivo e a xestión da lista de espera ou bolsa de traballo resultante. A licitude do tratamento está baseada no artigo 6.1.e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 (no sucesivo, Regulamento xeral de protección de datos; en siglas RXPd): tratamento necesario para o cumprimento dunha unha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Non están previstas comunicacións de datos a terceiros agás obrigación legal, nin están previstas transferencias a terceiros países ou organizacións internacionais.

Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, así como limitación e portabilidade, cando procedan, ante o Concello das Pontes de García Rodríguez, Parque Municipal,s/n, C.P. 15320 – As Pontes de García Rodríguez – A Coruña, indicando no asunto: Ref. Protección de datos ou a través da sede electrónica <https://sede.aspontes.org/opencms/es/>.

Así mesmo poderá poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos a través do correo electrónico: lopdp@aspontes.org Se no exercicio dos seus dereitos a persoa denunciante non foi debidamente atendida poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (<https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>).

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

ANEXO III
BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO
(Puntuación máxima: 30 puntos)

- 1.- Mulleres en xeral**.....1 punto
- 2.- Mulleres beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero**4 puntos
- 3.- Idade**
- 18 - 29 anos 1 puntos
 - 30 - 44 anos 3 punto
 - 45 ou máis 4 puntos
- 4.- Discapacidade**
- Minusvalía > 33 %1 punto
- 5.- Protección do desemprego**
- Perceptores de desemprego 1 punto
 - Perceptores de subsidios..... 2 puntos
 - Non perceptores4 puntos
- 6.-Tempo de desemprego desde o último traballo (segundo vida laboral)**
- Menos de 12 meses 1 punto
 - De 12 a 18 meses... 2 puntos
 - Máis de 18 meses... 4 puntos.
- 7.- Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social (acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do servizo de prestacións, inclusión e inmigración, da consellería de política social)**
- Perceptores da RISGA e aqueles aos que lles fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido; drogodependentes rehabilitados acreditados; ex-reclusos; persoas que abandonaron o exercicio da prostitución; traballadores inmigrantes residentes da comunidade; emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais; mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral; persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda de administración autonómica e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social1 punto
- 8.- Carencia de formación académica**
- Non ter títulos universitarios e de FP de ciclo superior.....1 punto

9.- OUTROS

Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI)



CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN



Cofinanciado pola Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO DE EMPLEO SEPE



Fondos Europeos

con anterioridade a data de resolución de adxudicación..... 2,5 puntos

Por non participar noutro obradoiro dual de emprego ou programa de emprego de garantía xuvenil nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores..... 7,5 puntos



CONCELLO AS SOMOZAS